

NOTA INFORMATIVA - PUBLICACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DA LISTAXE DE AGARDA

Publícase a actualización da listaxe de agarda con data **21/08/2026**, así como as prazas vacantes resultantes da actualización da listaxe.

A partir do día **25/08/2026** ábrese o prazo de presentación de solicitudes **fóra de prazo por circunstancias excepcionais**, que permanecerá aberto ata o **31/12/2026**. A partir desa data non se realizarán máis chamamentos.

Unicamente poderán asignarse prazas vacantes durante o curso **2026/2027** por circunstancias excepcionais cando, existindo listaxe de agarda única, ningunha das persoas incluídas nela acepte matricularse na praza ofertada. En todo caso, as solicitudes por **urxencia social** terán preferencia respecto das solicitudes ordinarias incluídas na listaxe de agarda única.

A formalización da matrícula, unha vez aceptada a vacante, deberá tramitarse directamente na escola infantil asignada. Unha vez aceptada a vacante e formalizada a matrícula, a persoa solicitante causará baixa na listaxe de agarda.

É responsabilidade de cada persoa solicitante manter actualizados os seus datos de contacto (teléfonos, enderezo, correo electrónico, etc.) facilitados coa solicitude da praza, co fin de que poida ser localizada para os correspondentes chamamentos da listaxe de agarda.